

As actividades extraescolares e complementarias constitúen unha ferramenta esencial do proceso de aprendizaxe e contribúen poderosamente á adquisición das competencias básicas.

A interacción co medio, máis alá do marco estritamente escolar, ofrece todo un conxunto de situacións para a aplicación práctica dos saberes. Se partimos de que o proceso de aprendizaxe do alumnado debe ser entendido nun sentido o máis amplo e completo posible que permita una formación integral, cómpre ser conscientes de que hai aspectos da aprendizaxe que dificilmente poden ser tratados de xeito satisfactorio dentro da aula e que haberá que complementar con actividades fóra da mesma.

É desexable, por tanto, contar cunha oferta de actividades que, integradas nas programacións docentes, tiren proveito das posibilidades que ofrece a contorna para conectar o coñecemento coa realidade e a aprendizaxe coa práctica. As actividades complementarias e extraescolares cumprirían este papel, pretendendo axudar a preparar o alumnado para a sociedade na que van vivir, desenvolvendo valores como tolerancia, sensibilidade ou actitude cooperativa e fortalecendo os coñecementos, actitudes e valores aprendidos na aula.

Diversos estudos levados a cabo sobre o impacto das actividades extraescolares e complementarias apuntan á súa incidencia positiva no rendemento académico do alumnado. Precisamente por esta relevancia semella aconsellable dispor dunhas pautas de actuación que regulen a súa planificación e faciliten o acceso de todo o alumnado á súa realización.

Historial do protocolo

Elaborado: **GT Convivencia PFPP 12-14**

Aprobado: ...

Revisado: ...

Avaliado: ...



SUXESTIÓNS, PROPOSTAS E DENUNCIAS

PIII-7

Pódense remitir as contribucións que se consideren pertinentes ao instituto por medio deste formulario (quer de papel quer dixital).

PROTOCOLO III-7

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

PREPARACIÓN

COMEZO

- Provisión dunha partida orzamentaria para AAEECC distribuída entre os Departamentos e mais un fondo suplementario ao 50%.
- Presentación ante o CE e aprobación, no seu caso, do Plan Anual de AAEECC ou de modificacións ou engadidos ao mesmo.

C R I T E R I O S

- As AAEECC, na medida en que estean integradas nos correspondentes currículos, terán a todos os efectos a mesma consideración e tratamento ca o resto de actividades realizadas na aula clase.
- Todas as AA han ser inclusivas e non discriminatorias, agás por razóns de equidade.
- Todas as AA, especialmente as AACC, deben dispor dun sistema de financiamento que non exclúa *a priori* a ningún por razóns económicas.
- O deseño de cada AA deben prever algún procedemento alternativo para que o alumnado que excepcionalmente non poida asistir teña a posibilidade de acadar os obxectivos educativos que se propoñan con ela.
- Na programación temporal de cadanseu PD os Departamentos deberán reservar un 10% das horas anuais de cada materia para seren utilizadas, se fose preciso, para a realización das AA organizadas por outros Departamentos.
- No caso de superar unha actividade o límite de incidencia establecido nalguna materia doutro ou outros Departamentos deberá contar coa conformidade explícita do profesorado afectado para que poida levarse a cabo.

LEXISLACIÓN

- Capítulo III do Título III do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, aprobado polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/96), artigo do 61 ao 70 con pequenas modificacións sobrevidas.

NOTIFICACIÓN

- 15 días antes da súa realización prevista presentárase á persoa responsable do Departamento de AACCEE o formulario cuberto do corpo central deste tríptico, iniciando deste modo o trámite de información e validación da actividade concernida.

V A L I D A C I Ó N

DATOS DA ACTIVIDADE

ORGANIZADORES: _____

TÍTULO DA ACTIVIDADE: _____

COMPLEMENTARIA ☒

EXTRAESCOLAR ☐

BREVE DESCRICIÓN: _____

SAÍDA:	Hora:	CHEGADA:	Hora:
CURSO/S:	GRUPOS:	Nº ALUMNOS:	
COORDINADOR/A:			
PROFESORADO ACOMPAÑANTE:			
ESPazos E MEDIOS QUE SE PRECISAN:			
PREVISIÓN DE GASTOS	TOTAL	PREVISIÓN DE INGRESOS	TOTAL
TRANSPORTE		ACHEGA POR ALUMNO/A:	0,00
ENTRADAS		ACHEGAS DO IES	
RETRIBUCIÓN		FONDO DE EQUIDADE	
OUTROS GASTOS		OUTROS INGRESOS	
TOTAL GASTOS	0,00	TOTAL INGRESOS	0,00

VALORACIÓN

CRITERIOS I		10p
1. Forma parte do PD do/s Departamentos?	☐ SI ☐ NON	0
CRITERIOS II		5p
2. Está prevista algunha alternativa para o alumnado non participante acadar os obxectivos previstos?	☐ SI ☐ NON	0
CRITERIOS III		1p
3. Trátase dunha actividade interdisciplinaria?	☐ SI ☐ NON	0
4. Porcentaxe de alumnado participante.	☐ 100% ☐ >50% ☐ <50%	0
5. Nº de AAEECC realizadas polos organizadores co mesmo alumnado?	☐ Ningunha ☐ Unha ou máis	0
6. As datas propostas son flexíbeis?	☐ SI ☐ NON	0
7. Repercútese os custos da actividade no alumnado?	☐ SI ☐ NON	0

MATERIAS DOUTROS DEPARTAMENTOS AFECTADAS Nº sesións Disponíbeis Exceso

Os excesos contan coa autorización dos Departamentos afectados? ☐ SI ☐ NON
 REQUIRESE SUBVENCIÓN DO FONDO XERAL? ☐ SI ☐ NON

VALORACIÓN DA ACTIVIDADE PARA CASOS DE CONCORRENCIA:

R E A L I Z A C I Ó N

COORDINADOR/A

- Anuncio da actividade cunha semana de antelación.
- Exposición dunha listaxe cos grupos e alumnado participante e non participante (sancionados, etc.)
- Descrición das tarefas alternativas para realizaren o alumnado que non participe na actividade.

PROFESORADO DE GARDA

- Coidado do alumnado non participante: controlar asistencia e facilitar a realización das tarefas encomendadas.

PROFESORADO DOS GRUPOS AFECTADOS

- Coidado do alumnado non participante: controlar asistencia e facilitar a realización das tarefas encomendadas.
- O profesorado na súa hora de clase poderá elixir entre repasar a súa materia ou deixar facer as tarefas encomendadas ao alumnado que non realiza a actividade.